



María Garrote López, SECRETARIA DO CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA), dacordo cos datos que figuran nesta Secretaría do meu cargo, salvo erro ou omisión involuntaria **CERTIFICO QUE** por Resolución da Alcaldía 601/2025 do 24-11-2025 acordouse o seguinte:

"RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.- ELECCIÓN SINDICAIS. CONVOCATORIA MESA PERSONAL LABORAL

Dando cumprimento ao previsto noas artigos 7 e seguintes da Lei 9/1987, de 12 de xuño de órganos de representación, determinación das condicións de traballo e participación do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Visto que con data 17 de novembro de 2025 tivo entrada neste concello escrito presentado por José Ramón Villalibre Fernández en representación do sindicato Central Sindical Independente e de Funcionarios, polo que se promove eleccións aos órganos de representación dos funcionarios públicos e personal laboral.

Logo da exposición pública no taboleiro de anuncios do Concello do citado escrito e tendo en conta as competencias que me atribúe o artigo 21.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Atender á comunicación realizada por José Ramón Villalibre Fernández en representación do sindicato Central Sindical Independente e de Funcionarios, e fixar como data para o inicio do proceso electoral dos traballadores laborais o 15 de decembro de 2025.

SEGUNDO: De conformidade co previsto no artigo 73.3 do Texto Refundido do Estatuto dos Traballadores, e lexislación concordante, dar traslado aos seguintes traballadores municipais (personal laboral) que deberán constituir a mesa electoral e citalos para o día 15 de decembro de 2025 ás 10:00 horas:

Presidente:

TITULAR: (traballador con mais antigüidade): D^a. Rosa María Fuentes Fariña
Suplente: (2^a traballadora con máis antigüidade): Pilar García Rial

Vogais:

TITULAR: (vogal secretario): (traballadora de menor idade): Tania Novo Santos
Suplente (vogal secretario): (2^o traballador de menor idade): Marcos Mato Rama
TITULAR: (traballador de maior idade): María del Carmen Antelo Álvarez
Suplente: (2^o traballador de maior idade): M^a del Carmen Domínguez Varela

Os traballadores convocados deberán constituir a mesa electoral o día 15 de decembro de 2025, ás 10,00 horas, no salón de sesións da casa do Concello de Cabana de Bergantiños, segundo figura no escrito de promoción de eleccións citado.

TERCEIRO: O censo electoral está a disposición dos membros da mesa na casa consistorial, en horario de 09:00 a 14:00 horas, de luns a venres.

CUARTO: Dar traslado desta resolución ós interesados, e proceder á publicación desta resolución no taboleiro de anuncios do Concello."

E para que así conste, asino dixitalmente este certificado co visto bo do Sr. Alcalde.